



Recomendación á Mancomunidade de concellos de Santa Águeda sobre a finalización dos contratos por obra ou servicio, así como sobre o deber de colaboración coa Institución do Valedor do Pobo.

Expediente: A.4.Q/34/17

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Sr. presidente:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D<sup>a</sup>. [REDACTED] relativo á relación laboral que mantivo coa Mancomunidade de Santa Águeda como asesora xurídica.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito, a interesada indicábanos que a finalización da relación laboral coa Mancomunidade produciuse de forma irregular, pois sendo un contrato por obra ou servizo, o seu despedido produciuse a pesares de que o programa seguiu en funcionamento. No proceso selectivo realizado en decembro de 2016 para a cobertura do posto de asesora xurídica que viña ocupando, rexistráronse irregularidades na baremación de méritos.
2. Tras pedir informe á Mancomunidade, a administración remitiunos un primeiro escrito manifestando que a realización dos procesos selectivos ven condicionada polas subvencións outorgadas a tal efecto. Tamén se alude á suficiente cualificación e profesionalidade dos membros do tribunal do proceso selectivo obxecto de controversia. Incluíase copia da acta resolutoria das alegacións presentadas pola autora da queixa sobre a puntuación obtida no proceso. Sobre esta cuestión, indícase que non queda acreditada a relación laboral coa Asociación AGADIME.

3. Analizada a anterior información, consideramos que este era incompleta pois quedaban varias cuestións pendentes de aclaración e que substancian unha parte fundamental do expediente de queixa. Tales cuestións se concretan nos seguintes apartados:

*1. A subvención que financiaba os contratos das persoas empregadas no programa do CIM mantiña os costes de persoal ata o 31 de marzo de 2017, sen que poida xustificarse unha interrupción anterior á esta data, toda vez que a vinculación laboral existe precisamente polo financiamento do programa que continúa sen interrupción ata marzo. A finalización previa a esa data resulta inxustificada.*

*Sobre este punto, a Mancomunidade non se pronuncia nin xustifica a realización do novo proceso de selección no mes de decembro de 2016.*

*2. A Mancomunidade indica que a reclamante non acredita relación laboral coa Asociación AGADIME, sen embargo, non se pretende tal certificación senón que se indica que esa é unha relación de voluntariado, situación que contempla expresamente o Decreto 130/2016 de 15 de setembro no seu artigo 10 punto 3.*

*Sobre este punto, non queda aclarado o motivo de non ter en conta o tempo de voluntariado.*

4. Polo descrito no apartado anterior, consideramos necesario dirixirnos novamente a esa Mancomunidade para que se nos enviar un novo informe aclaratorio das cuestións referidas. Como resposta, recibimos un escrito no que basicamente se reproduce as bases da convocatoria para explicar que a acreditación do voluntariado tense en conta como requisito imprescindible para participar na convocatoria (parágrafo h) da base terceira da convocatoria), pero que non computa como mérito segundo o recollido na base oitava.

No que atinxe a xustificación da finalización do contrato en decembro, nada se recolle.

## ANÁLISE

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe do órgano, consideramos que a información remitida pola Mancomunidade de Santa Ádega non resulta suficiente, a pesar de tela requirido ata en dúas ocasións. De feito, nesta Institución hai un expediente similar instado por outra antiga traballadora que viu rescindido o seu contrato, e sobre o que, a día de hoxe e tras numerosos requirimentos, seguimos sen obter informe.

Dado o tempo transcorrido, demorado en exceso confiando na remisión da totalidade dos informes que afectan aos dous expedientes, e esperando poder discernir o acontecido coa

recepción do pedido en ambos, finalmente temos que formular a seguinte recomendación e recordatorio de deberes legais, en base as seguintes consideracións:

1. A contratación dun traballador mediante a modalidade de obra ou servizo determinado esixe que a duración desa vinculación dure mentres a obra o servizo estease a desenvolver. A concreción dun perfil concreto, obxectivo e preciso, que queda perfectamente delimitado no contrato, implica que a duración deste ven determinada precisamente pola realización do obra ou finalización do servizo. Cando remata efectivamente a obra ou finaliza o servizo contratado, previa denuncia o comunicación da administración, é cando remata o contrato. Cando non se producen estas circunstancias, a finalización da relación laboral supón a improcedencia do despido, coa correspondente indemnización.

A continuidade do servizo que fundamentou a súa contratación non cesou en ningún momento, e sobre este asunto, tense pronunciado o Tribunal Supremo en numerosas sentenzas nas que nega a concorrencia da terminación da obra e, polo tanto, da chegada do termo do contrato de traballo, sen que a tal negativa se opoña nin cambios de denominación da actividade, nin renovacións de contratos, nin cambios no financiamento recibido na realización da obra ou servizo que de orixe á contratación laboral.

Nos informes remitidos pola Mancomunidade de concellos “Santa Águeda” non se fai referencia ás causas que xustificaron o despido das traballadoras. Coa información existente, parece evidente que o servizo continuou e os despedimentos resultarían improcedentes.

2. Tamén resulta reprobable neste expediente a falta de información da Mancomunidade. Así, aínda que neste caso concreto recibíronse os dous informe solicitados, o contido das peticións que esta Institución enviou detallaban o tipo de información a remitir, poñéndose de manifesto con especial claridade no escrito de 9 de maio de 2017 (solicitud de informe complementario). Aínda así, a administración remitiu unicamente datos sobre o proceso de selección de decembro de 2016. Certo é que sobre esta cuestión tamén versaba a reclamación, pero a mesma importancia se lle daba á finalización do contrato da reclamante.

A Lei do Valedor do Pobo establece expresamente no artigo 26 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, que o regula, a obriga de tódolos poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lle sexan demandados por esta Institución no curso das súas investigacións e actuacións, obriga que consideramos que no foi atendida aquí na súa totalidade.

## CONCLUSIÓN

Por todo o indicado anteriormente, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar á Mancomunidade de concellos “Santa Águeda” a seguinte Recomendación:

*Que se revise o procedemento de finalización da relación laboral da reclamante, atendendo ás directrices que a normativa laboral define para os contratos de obra ou servizo determinado.*

*Asemade, recórdase á Mancomunidade de concellos “Santa Águeda” a súa obriga de prestar o auxilio e cooperación que lles sexan demandados polo Valedor do Pobo nas súas investigacións e actuacións.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo